

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS (LOTE 1), MATERIAL DE IMPRENTA (LOTE 2) E MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO.**

Sendo as 14:00 horas do día 18 de marzo de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais:

- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista.
- Dona Paz Abreira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Don Ángel Trabada Gómez, polo grupo Municipal do Partido Popular.
- Don Manuel Enrique Chaín Fernández, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural.
- Dona Elva Anido Anido, do Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica do Concello.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como Secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a dar lectura do informe elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, en data 13 de marzo de 2015, relativo á valoración das ofertas presentadas á presente licitación, tendo en conta os criterios de adxudicación sinalados na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares.

Dito informe ten o seguinte teor literal:

#### “INFORME DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

**ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS (LOTE 1), MATERIAL DE IMPRENTA (LOTE 2) E MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE (LOTE 3) MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO.**

Vista Acta da Mesa de Contratación do día 11 de marzo de 2015, onde se procedeu á apertura das ofertas presentadas aos diferentes lotes do expediente citado, procédese a continuación á valoración das mesmas, tendo en conta os

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION LECTURA INFORME OFERTAS E PROPOSTA

ADXUDICACION

Asunto:

criterios de adjudicación sinalados na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares.

**LOTE 1: PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS.** Tipo de licitación: 16.843,80 €, IVE excluído.

- **OFFICE DEPOT, S.L.**, presenta unha oferta por un importe total de 14.975 €, IVE excluído.

- **SABELA, S.L.**, presenta unha oferta por un importe total de 15.829,20 €, IVE excluído.

- **ALMACENES PINILLA, S.L.**, presenta unha oferta por un importe total de 15.629,90 €, IVE excluído.

- **RAMÓN BESTEIRO HERMIDA**, presenta unha oferta por un importe total de 16.019,40 €, IVE excluído.

A puntuación das anteriores empresas resulta do seguinte xeito:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
OFFICE DEPOT, S.L.	100 PUNTOS
SABELA, S.L.	54,29 PUNTOS
ALMACENES PINILLA, S.L.	64,96 PUNTOS
RAMÓN BESTEIRO HERMIDA	44,11 PUNTOS

**LOTE 2: MATERIAL DE IMPRENTA.** Tipo de licitación: 21.514,10 €. IVE excluído.

- **TOMPLA INDUSTRIA INTERNACIONAL DEL SOBRE, S.L.**, presenta un prezo total de 19.503,70 €, IVE excluído

- **GRAFICAS INTEGRALES COGAMI, S.L.**, presenta unha oferta por un importe total de 18.481,55 €, IVE excluído.

A puntuación das anteriores empresas queda do seguinte xeito:

EMPRESAS	PUNTUACIÓN
TOMPLA INDUSTRIA INTERNACIONAL DEL SOBRE, S.L.	66,29 PUNTOS
GRÁFICAS INTEGRALES COGAMI, S.L.	100 PUNTOS

**LOTE 3: MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE.** Tipo de licitación: 12.113,70 €, IVE excluído.

- **OFFICE DEPOT, S.L.**, presenta un prezo total de **6.897,47 €/IVE excluído**, unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos produtos non incluídos no Anexo, dun **35 %** e NON inclúe produtos de comercio xusto.

- **SABELA, S.L.**, presenta un prezo total de **8.924,10 €/IVE excluído**, e unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos non incluídos no Anexo, dun **25 %** e SI inclúe produtos de comercio xusto.
- **ALMACENES PINILLA, S.L.**, presenta un prezo total de **6.031,68 €/IVE excluído**, e unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos non incluídos no Anexo, dun **40 %** e NON inclúe produtos de comercio xusto.
- **MOLESKINE, S.L.**, presenta un prezo total de **8.676,708 €/IVE excluído**, e unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos non incluídos no Anexo, dun **20 %**, e NON inclúe produtos de comercio xusto.
- **RAMÓN BESTEIRO HERMIDA**, presenta un prezo total de **10.441,17 €/IVE excluído**, e unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos non incluídos no Anexo, dun **10 %**, e NON inclúe produtos de comercio xusto.
- **PRELO, S.L.**, presenta un prezo total de **7.519,76 €/IVE excluído**, e unha porcentaxe de desconto aplicable ós prezos de venda ó público dos non incluídos no Anexo, dun **30 %**, e SI inclúe produtos de comercio xusto.

A puntuación das anteriores empresas é a seguinte:

Empresas	Oferta Económica (max. 85 puntos)	Desconto (máx 10 puntos)	Comercio Xusto (máx 5 puntos)	Puntuación
Office Depot, S.L.	6.897,47	35 %	NON	72,90+8,75+0= <b>81,65</b>
Sabela, S.L.	8.924,10	25 %	SI	44,58+6,25+5= <b>55,83</b>
A. Pinilla, S.L.	6.031,68	40 %	NON	85+10+0= <b>95</b>
Moleskine, S.L.	8.676,708	20 %	NON	48,03+5+0= <b>53,03</b>
Ramón Besteiro Hermida	10.441,17	10	NON	23,37+2,50+0= <b>25,87</b>
Prelo, S.L.	7.519,76	30 %	SI	64,20+7,50+5= <b>76,70</b>

..."

De seguido, por parte do Secretario, pon de manifesto que uns minutos antes desta reunión, foi informado polo Departamento de Contabilidade deste Concello da existencia de débedas con este Concello da empresa que obtivo maior puntuación no lote 3 (material de oficina non inventariable), ALMACENES PINILLA, S.L., feito este que a puidera facer incorrer en causas de prohibición para contratar coa Administración.

Á vista do exposto, por parte da Mesa de Contratación acórdase propoñer a adjudicación dos lotes 1 (papel para fotocopiadoras e impresoras) e 2 (material de

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION LECTURA INFORME OFERTAS E PROPOSTA  
ADXUDICACION


Asunto:

imprensa), a favor das empresas OFFICE DEPOT, S.L e GRÁFICAS INTEGRALES COGAMI, S.L., respectivamente, e no referente ao lote 3 (material de oficina non inventariable), concederlle un trámite de audiencia á empresa ALMACENES PINILLA, S.L., previo á adopción da resolución que legalmente proceda, a cal se deberá comunicar a esta Mesa de Contratación.


Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14.30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz